

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 19 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Advertidos erros na citada resolución, publicada no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/29868>) , o 19 de decembro de 2019, cómpre efectuar as seguintes correccións:

No apartado quinto, onde di:

«2. Destinarase un total de 36 docentes a media xornada para o desenvolvemento da Liña 2, sendo un (1) o número máximo para cada centro seleccionado.

Prevese a dotación para reforzo da competencia en comunicación lingüística, a competencia matemática y competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia aprender a aprender e as competencias sociais e cívicas con profesorado dos ámbitos lingüístico e social (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: lingua castelá e literatura, lingua inglesa e francesa e xeografía e historia) e matemático e científico (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía e tecnoloxía), así como, profesorado da especialidade de pedagogía terapéutica.»

Debe dicir:

«2. Destinarase un total de 36 docentes a media xornada para o desenvolvemento da Liña 2, sendo un (1) o número máximo para cada centro seleccionado.

Prevese a dotación para reforzo da competencia en comunicación lingüística, a competencia matemática y competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia aprender a aprender e as competencias sociais e cívicas con profesorado dos ámbitos lingüístico e social (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, lingua inglesa e francesa e xeografía e historia) e matemático e científico (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía e tecnoloxía), así como, profesorado da especialidade de pedagogía terapéutica.»

Onde di:

«3. Destinarase un total de 36 docentes a media xornada para o desenvolvemento da Liña 3, sendo un (1) o número máximo para cada centro seleccionado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



galicia



Prevese a dotación para reforzo das especialidades vinculadas aos ámbitos lingüístico e social (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: lingua castelá e literatura, lingua inglesa e francesa e xeografía e historia) e matemático e científico (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía e tecnoloxía).»

Debe dicir:

«3. Destinarase un total de 36 docentes a media xornada para o desenvolvemento da Liña 3, sendo un (1) o número máximo para cada centro seleccionado.

Prevese a dotación para reforzo das especialidades vinculadas aos ámbitos lingüístico e social (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, lingua inglesa e francesa e xeografía e historia) e matemático e científico (profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades: matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía e tecnoloxía).»